

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

EXTRACTO da Orde do 22 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas ao alumnado do Sistema universitario de Galicia para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2022, co obxecto de coñecer a lingua dese país (código de procedemento ED416A).

BDNS (Identif.): 601721.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

O alumnado das universidades do Sistema universitario de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, 142 axudas para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2022, co obxecto de coñecer a lingua dese país.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Orzamento e contía das bolsas*

O importe global previsto na orde é de 142.000 euros.

A dotación económica asignada a cada persoa beneficiaria será dun máximo de 1.000 euros.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Será desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* ata o 14 de marzo de 2022.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2021

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade
P.D. (Orde do 9 de febreiro de 2021)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de
Cultura, Educación e Universidade

CVE-DOG: 6sxtbgf0-cit2-noa4-ze4 1-r76a0rasany8

